



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A ENTIDADE EDITORIAL LA CAPITAL, SL, EDITORA DOS XORNAIS "EL IDEAL GALLEGO", "DIARIO DE FERROL" E "DIARIO DE AROUSA", PARA ELABORAR E PUBLICAR INFORMACIÓN RELACIONADA CON ESTRATEXIAS, PROGRAMAS E/OU INICIATIVAS DA CONSELLERÍA QUE RESULTEN DE INTERESE PARA A CIDADANÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Industria e Innovación, que actúa no exercicio das competencias que ten atribuídas pola Orde do 9 de febreiro de 2023 (DOG núm. 34, do 17 de febreiro de 2023) sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Economía, Industria e Innovación formalizou coa entidade Editorial La Capital, SL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 9 de febreiro ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación e a entidade Editorial La Capital, SL para Informar sobre estratexias, programas e/ou iniciativas da Consellería en materias como a eficiencia enerxética, a industria, a innovación e a dinamización empresarial e que resulten de interese para a cidadanía, mediante texto, a través de monográficos ou gráficos, en catro páxinas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundamentouse no seguinte:

Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de información á cidadanía e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas e desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta





con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por iso acadan unha específica resonancia social.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación considera de interese para a sociedade galega no seu conxunto potenciar a información e o coñecemento da situación actual da investigación, da industria, do comercio, do consumo, da eficiencia enerxética, da innovación e da dinamización empresarial na comunidade autónoma tanto pola incidencia que ten para o futuro económico do país como para a vida cotiá dos cidadáns.

Por outra banda, a entidade Editorial La Capital, SL, realiza unha labor de información e comunicación na área de influencia que abrangue a súa distribución das actuacións da administración autonómica, en xeral, e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, en particular, por considerar de importancia a difusión, entre os seus lectores, de aspectos relacionados coas materias da competencia dela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, considerouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario xeral técnico

